

**PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN
TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO**

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 21-05-2025, ditou a resolución con número 1438/2025 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Aprobación da Listaxe Provisional de persoas admitidas e excluídas do proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día) dun/ha docente para impartir a acción formativa denominada “XESTIÓN DE CHAMADAS DE TELEASISTENCIA”, correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2024 e 2025.

Antecedentes.

Primeiro.- Por Resolución de Alcaldía núm. 1345/2025 de data 13/05/2025, aprobáronse as Bases e a convocatoria para a selección de persoal docente, mediante o sistema de concurso-oposición libre, para a contratación de duración determinada (contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral) e a tempo parcial (6 horas/día) dun/ha docente para impartir a acción formativa, denominada “**Xestión de chamadas de teleasistencia**” (Código: 2024/002315, Especialidade: SSCG0111), correspondente ao Plan Formativo para o Emprego da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 e 2025.

De conformidade co disposto na base Terceira das bases reguladoras da convocatoria, o prazo de presentación de instancias foi de cinco (5) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña (BOP núm. 91 de 15/05/2025).

Segundo.- Rematado o prazo regulamentario para a presentación de instancias e logo de examinar as solicitudes presentadas xunto coa documentación que as acompaña, de conformidade co establecido na Base Cuarta (*Admisión de aspirantes*) da convocatoria, e de de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a **Listaxe provisional** de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, no proceso de selección de persoal docente mediante o sistema de concurso-oposición libre para a contratación de duración determinada e a tempo parcial (6 horas/día), dun/ha docente para impartir a acción formativa “**Xestión de chamadas de teleasistencia**” (Código: 2024/002315, Especialidade: SSCG0111).

Admitidos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	CELGA	Idioma Exame
1	MUÑOZ AVILA	GLORIA	***2416**	SI	Castelán
2	RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ	IRIA	***7106**	SI	Galego
3	VARELA CASTRO	HELENA	***5500**	SI	Galego

Excluídos/as:

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	Motivos Exclusión	CELGA	Idioma Exame
1	GARCÍA MALLO	IRENE	***4325**	(1)	SI	Galego

Causas de exclusión:

Segundo a Base Segunda (Requisitos dos/as aspirantes) apartado 2.2 (Titulación, Competencia docente e Capacidade profesional):

(1) Carecer da competencia docente (base 2.2.1 – Opción 1).

Segundo.- De acordo co establecido na base cuarta da convocatoria, así como, no artigo núm. 69 da Lei 39/2015 de 1 de outubro, concédese un **prazo de dous (2) días hábiles** seguinte á publicación de dita resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello, para presentar as reclamacións oportunas ou emenda de defectos. De non efectuar a subsanación no prazo requirido serán excluídos definitivamente do proceso selectivo.

Concluído este prazo e subsanadas as reclamacións presentadas, publicarase a relación definitiva de aspirantes, designación nominal do Tribunal cualificador, así como, lugar, data e hora da sesión constitutiva e o inicio do proceso selectivo, que se iniciará coa fase de concurso.

Terceiro.- Expoñer esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello (www.sede.carballo.gal) e con carácter complementario na páxina web municipal www.carballo.gal.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria

Marina Núñez Orjales

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Marina Núñez Orjales